

	IES MARÍA CASARES. Departamento de EDUCACIÓN FÍSICA		3º ESO 2023-2024
	MATERIA	EDUCACIÓN FÍSICA	
	PROFESOR/A	Mónica Cagiao Seijo	

UNIDADES DIDÁCTICAS.	
1ª AVALIACIÓN	Condición física e saúde. Cualidades físicas básicas: resistencia, forza, flexibilidade e velocidade. Continúase con esta U.D na segunda e terceira avaliación para afondar nos contidos.
	Actividades no medio natural. Actividades e xogos en terra e mar.
	Atletismo. Saltos de altura e triple.
	Primeiros auxilios. Afianzarase o concepto de PAS e ampliáanse os coñecementos de actuacións en situación de emerxencia e primeiros auxilios ante accidentes e lesións.
2ª AVALIACIÓN	Actividades ximnásticas. Os contidos inclúen volteos, equilibrio invertido, enlaces de elementos e accosport.
	Fútbol sala. Deporte de equipo no que se combina a mellora individual co traballo de táctica colectiva.
	Actividades no medio natural: orientación.
3ª AVALIACIÓN	Voleibol. Deporte de equipo e cancha dividida no que se traballará técnica e táctica individual e colectiva.
	Xogos tradicionais: Algúns exemplos serán a corda, a goma, o pano e a billarda.
	Ritmo e expresión. Traballo de coreografías atendendo a unha estrutura musical.
	Actividades no medio natural. Actividades de senderismo e de auga.
OBSERVACIÓNS A programación vai a depender do tempo atmosférico e das instalacións que podamos utilizar, en función da ratio de cada clase.	

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN NO CURSO ORDINARIO

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Nas táboas de indicadores que se utilizarán para a avaliación das distintas unidades didácticas valoraranse os contidos do seguinte modo:	
Contidos relacionados co traballo diario en clase	60%
Probas teórico-prácticas.	40%
TOTAL AVALIACIÓN	100%

OBSERVACIÓNS: Para aprobar as avaliacións é necesario obter un 5 na media aritmética dos apartados.

A nota final do curso será o resultado da media aritmética das tres avaliacións trimestrais.

Cando o alumnado non se presente a un exame debido a causa xustificada, como norma xeral, realizará o exame o primeiro día que se incorpore á clase desta materia. Tamén poderá colgar o exame práctico en Edixgal, sempre que o profesorado o indique

As unidades didácticas non superadas terán o seu período de recuperación ao longo do curso. O profesor, despois de coordinalo cos alumnos correspondentes, realizará as probas cando o considere oportuno para a mellor consecución posible dos obxectivos propostos.

METODOLOXÍA PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Durante o curso realizaranse tamén **actividades lectivas fora do centro**, que serán incluídas e avaliadas xuntamente ao seu bloque de contidos.

Para o desenvolvemento dalgúns contidos da materia utilizaremos os arredores do Instituto así como praia de Bastiagueiro e instalacións do INEF.